

Sinfonía en galego maior

Por outra historia da lingua e do mundo

Ana Rodríguez Barreiro

Artigo gañador do II Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2006

Son muller, galega, gaiteira.

O vento asubía baixo o arco do Pazo de Xelmírez e trócase en música ao contacto co buxo que aprendín a acariñar feito punteiro. Compostela non é hoxe o berce da luz —*Campus stellae*—, senón a patria dos sons —*Campus sonorum*—: aire, melodía, verba. Compostela, Galiza enteira, exprésase neste recanto coa voz dos soños —*Campus somniorum*—.

A voz do soño das mulleres. A lingua galega enfróntase na actualidade a un grave problema: a ruptura da transmisión xeracional. O galego, que está presente, se ben ás veces de forma moi precaria, no ámbito público (a administración, o ensino, os medios de comunicación), perde falantes, no entanto, no eido do privado. De querermos adultos que falen, pensen e sintan en galego, precisamos meniñas e meniños que comecen a tatear, a imaxinar, a emocionarse no noso idioma; cómprennos mulleres que aleiten as súas crianzas co costro primixenio da vida, «mulleres gaiteiras» nun universo en exceso masculinizado que garantan, como as nosas avoas fixeron noutrora, que o galego mereza chamarse, no senso máis radical e auténtico do termo, *lingua nai*. Porque a afirmación da lingua propia é asemade a afirmación do xeito particular de artellar as experiencias que caracteriza as mulleres; é asemade a afirmación da «palabra das fillas de Eva»¹.

A voz do soño de Galiza. Esta *Finis Terrae* que habitamos constitúe, por moitos motivos, unha entidade territorial claramente diferenciada doutras veciñas: posúe límites xeográficos nidios, unha historia secular, unha cultura e unhas tradicións singulares e, por riba de todo, un idioma de seu, o cal non lles serve unicamente aos usuarios habituais como vehículo de comunicación, senón tamén, e en primeiro lugar, como instrumento do coñecemento. Dado que cada lingua modela de maneira desemeellante a substancia continua e amorfa sobre a que se proxecta, parcelándoa consonte uns trazos distintivos que non teñen por que funcionar, e que de feito non funcionan, en todos os códigos, non impedirmos que unha lingua se deturpe ou desapareza equivale a permitirmos que a visión senlleira que da realidade ten unha comunidade, unha nación, un país esmoreza ou morra. Galiza deixará de ser Galiza

¹ *A palabra das fillas de Eva* (Vigo, Galaxia, 2005) é o título dun ensaio da escritora Teresa Moure.

cando deixe de falar en galego. Porque a afirmación da lingua propia é asemade a afirmación da identidade colectiva.

A voz do soño das clases populares. Durante centurias, e até hoxe, o galego perdura nos beizos de campesiños e mariñeiros, que escoitan cantar o carro e o mar nese mesmo idioma; nos beizos de obreiros comprometidos coa dignificación do ser humano polo traballo, nos de folguistas loitadores e nos de opositores a calquera réxime que marque extremas para a liberdade; nos beizos apaixonados de estudantes que aspiran a un mañá ateigado de promesas, nos de artistas bohemios e nos de poetas con «armas cargadas de futuro»²; nos beizos de cantareiras, bailadeiras e gaiteras, sabedoras de que a palabra, coma a música, aloumiña, instrúe, denuncia; nos beizos, en fin, de todos os esquecidos, os disidentes, os non suxeitos a convencionalismos, de todos os excluídos, os magoados, os oprimidos por un poder que lles coarta o dereito a seren eles mesmos. Porque a afirmación da lingua propia é asemade a afirmación da igualdade e a xustiza sociais.

Xénero, terra, sociedade resultan, xa que logo, tres factores en constante interacción co idioma. As mulleres, os pobos agrilloados por mor de calquera clase de sometemento, os grupos sociais máis desfavorecidos teñen moito a ver coas linguas minoritarias e/ou minorizadas. As múltiples e complexas relacións que se establecen entre estes elementos, así como as circunstancias comúns que adoitan rodealos, aconsellan traballarmos por unha recuperación integral. Non hai salvación en solitario. A esperanza só pode vir da unión de todas as voces, de todos os sons soñados nun sono do que arelamos espertar, para, coa lucidez plena da vixilia, convertermos o *Campus sonorum* de Galiza nun perpetuo *Campus somniorum*.

Principia a chover mainamente. As irisadas pingas esvaran lizgairas pola canella que descende dende San Martiño Pinario. A auga ecoa contra a bóveda arcebispal que me acubilla e os meus dedos entréganse ao pracer irresistible de participar dos abraiantes ritmos da natureza. Un viandante agasállame co seu sorriso.

Son muller, galega, gaitera.

² “La poesía es un arma cargada de futuro”, poema de Gabriel Celaya.